



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de técnico/a auxiliar patrimonio (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de técnico/a auxiliar patrimonio (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Técnico Auxiliar Patrimonio incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000041 – TÉCNICO AUXILIAR PATRIMONIO

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1871/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Técnico Auxiliar Patrimonio incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 2911/2023, do 18/10/2023, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Técnico Auxiliar Patrimonio incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de **Técnico Auxiliar Patrimonio** (Grupo C, Subgrupo C1; Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Auxiliares) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	AROCA GONZALEZ	AURORA	***1663**	-	SI
2	CANEDO BARREIRO	MARIA	***3964**	-	SI
3	CASTRO VIQUEIRA	INES	***2209**	-	SI

Excluídos/as:

Non hai excluídos.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a:	
Titular:	D ^a . Carmen del Río Rodríguez
	TAX - Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.
Suplente:	D ^a . Virginia Pérez Torres
	TAX adscrita a Urbanismo do Concello de Arteixo.
Vogal 1:	
Titular:	D. Alfredo Garrote Pazos
	Arquitecto - Xefe da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Carballo.
Suplente:	D. José Manuel Facal Fariña
	Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - Xefe do Servizo de Proxectos, Obra Pública e Infraestrutura do Concello de Carballo.
Vogal 2:	
Titular:	D ^a . Iria Martínez de la Rosa
	Arquitecta do Servizo do Patrimonio Cultural da Coruña. Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.
Suplente:	D. Felipe Olaf López Sánchez
	Arquitecto - Xefe do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos. Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio, Urbanismo e Vivenda da Xunta de Galicia.
Vogal 3:	
Titular:	D ^a . María Adela Bande Porto
	Arquitecta. Técnica Superior de Intervención na Edificación do Departamento de Licenzas. Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda do Concello de A Coruña.
Suplente:	D ^a . Estefanía Manteiga Lamas
	Secretaría Xeral do Concello de Fene.
Secretario/a:	
Titular:	D. Miguel Piñeiro Souto
	Secretario Xeral do Concello de Carballo.
Suplente:	D ^a . María Graciela Riveiro Moreira
	Secretaría-Interventora do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva que terá lugar o **martes 24 de outubro do 2023 ás 11:00 horas**, de forma telemática na plataforma dixital do Concello de Carballo.

Quinto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

En Carballo, 18 de outubro de 2023

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/8270